ETAPA 9

De **Sigüeiro** a **Santiago**

DISTANCIA **16** Km | DIFICULTADE **BAIXA** | TEMPO **4:30** h

Etapa curta, moi sinxela e atractiva. Coa vantaxe de que a parte menos interesante se atopa ao principio e a beleza da paisaxe vai en aumento a medida que o peregrino vai dando pasos. Ten dous ascensos, ao comezar e ao pasar o núcleo da Sionlla. O primeiro é de moi suave pendente, sostida durante un quilómetro e carente da mínima dificultade, cun tramo que cruza un bosque de piñeiros que o fai agradable. O segundo é, polo contrario, moi curto e cunha importante inclinación. Pero nin un nin o outro requiren ningún esforzo especial que desanime, xa que mesmo os nenos os salvan sen problema. Mentres nos quilómetros iniciais predominan as vivendas unifamiliares, no tramo intermedio todo é bosque e prados. Hai unha terceira parte, a entrada á cidade compostelá, por un barrio que ten como maior valor a igrexa de San Caetano.

Non podes perder



A estatua de Margery Kempe. Está xusto onde comeza a ponte medieval de Sigüeiro, e recorda, como di a súa placa, á primeira muller coñecida que fixo o Camiño Inglés. Partiu de Bristol, peregrinou a Compostela e regresou sa e salva ao seu país. Todo isto pasou en xuño e xullo de 1417. Margery Kempe foi unha mística que deixou escrito un libro titulado *The book of Margery Kempe*, considerado como a primeira autobiografía do mundo literario anglosaxón.

AXENDA

Protección Civil: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Garda Civil: 065

Información do tempo:
www.meteogalicia.gal

Turismo de Santiago
Rúa Vilar, 63. Tel.: 981 555 129

Oficina de Turismo de Galicia
Mazarelos, 15. Tel.: 881 866 397

Casa do Concello de Oroso
Plaza de Isaac Díaz Pardo, 1, 15888 Sigüeiro
www.oroso.gal
Tel.: 981 691 478

Casa do Concello de Santiago
Plaza del Obradoiro, 1. 15705
www.santiagodecompostela.gal
Tel.: 981 542 300

O ALBERGUE. Todos os aloxamentos, na web **www.caminoingles.gal**

Ponte de A Ulloa, á entrada a Sigüeiro

En Sigüeiro non hai albergue público, pero si oferta privada, en concreto dous albergues e catro pensións, ademais dunha quinta xa fóra da ruta.

En Santiago as posibilidades para durmir son simplemente enormes, e hai establecementos para todos os gustos e petos, desde pensións humildes e vivendas turísticas ata o luxoso e máis de cinco veces centenario Hostal dos Reis Católicos, en plena praza do Obradoiro.

Web:
www.caminoingles.gal
Grupo de Facebook:
Camino Inglés Oficial
Fan Page de Facebook:
Camino Inglés
Instagram:
@caminoinglesoficial

ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

Deputación DA CORUÑA

Igrexa de San Caetano

O núcleo de **Sigüeiro** era unha minúscula aldea en tempos medievais, apenas unhas chozas a un lado e outro da ponte que salva o **río Tambre**. Hoxe esa obra varias veces centenaria, modificada na súa parte superior non hai moito, segue facendo a súa función e ve como pasan os peregrinos. Unha vez que poñen o pe noutro lado abandonaron o municipio de Oroso e atópanse no de Santiago.

Hai que circular polas beirarrúas da dereita da estrada nacional. A sinalización é boa, e xusto antes da gasolineira (15,479 km) o peregrino desvíase á dereita para facer un constante zigzag por pequenas pistas. A paisaxe dista de ser solitaria, xa que aparecen aquí e acolá vivendas, con núcleos moi pequenos como A Caluba (14,412 km), cruzando por unha ponte da autoestrada entre un e o outro. Os pés agradecen o tramo de terra seguinte.

Esa tónica vai manterse nos próximos catro quilómetros, que van rematar nun descenso longo e suave: Vila Fernández (13,038 km), Cortos (12,351 km), Lameira (11,820 km), Vilasuso (10,412 km)... son lugares que vai atravesando o camiñante deixando a nacional 550 á vista, á esquerda, a respectable distancia. Durante uns poucos metros vai pisar esa nacional pola beiravía, para xirar á dereita na **Sionlla** (9,462 km), un punto simbólico onde comeza a segunda parte da etapa.

Bosque e máis bosque. Iso é o que espera ao peregrino, que vai deixar á dereita o pico dese pequeno monte que en realidade non é máis que un escarpado outeiro. E aínda que o peregrino non estea pensando en chegar á cima, si debe saber que alí se construíu un **castro**. É dicir, unha aldea prehistórica, o que a sitúa cunha antigüidade de máis de dous milenios.

Ese bosque cada vez se fai máis denso, aínda que para nada dificulta o andar. Tampouco hai posibilidade de perda dado que apenas van aparecer cruzamentos ante os ollos.
Un letreiro cunha bruxa e o nome Bosque Encantado aínda lle dá un carácter máis misterioso á atmosfera. É, sen dúbida, o tramo máis fermoso de toda a etapa, que en determinado punto pasa pegado a un lugar no que é posible repoñer forzas, e que aínda que non se ve si dispón dun sinal indicativo.

Agarda un curto e forte descenso (6,762 km) como anticipo de ter que cruzar campos e prados por un sendeiro, o que á súa vez é o aviso de que espera o comezo da cidade compostelá.

En efecto, o peregrino cruza o polígono do Tambre (na actualidade humanizouse de forma excelente o paso pola zona industrial) para entrar na cidade, cruzar na avenida de entrada e acometer o derradeiro descenso cara á **igrexa de San Caetano**, ao **casco histórico** e á **Catedral**, a súa meta desde que comezou en Ferrol ou na Coruña.